FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O DÍA 23 DE XULLO DE 2024

1.- RATIFICACIÓN DE CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO MES DE XULLO DE 2024.....3

2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 27.06.2024.....4

3. DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2025.....6

4. CONTA XERAL DO EXERCIZO 2023.....7

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2023 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2022.....11

6.- MOCIÓN DO BNG, PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.....12

7.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 218/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2024.....17

8.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN 225/2024 DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE 2024).....17

9.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 394/2024 de data 10-07-2024 DE RENUNCIA DO INVESTIMENTO "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA", INCLUÍDO NO POS + 2020) E SOLICITUDE DO SEU REINVESTIMENTO NO POS +2025.....18

10.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 299/2024 de data 06-06-2024 PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2024.....22

11.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 400/2024 de data 10-07-2024 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2024. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMO PROVINCIAL).....25

12. ASUNTOS DE URXENCIA.....27

12.1. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/26.....27

12.2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS+ADICIONAL 2/2024. 2ª FASE” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.....35

13. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.....43

14. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....48

15.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....48

15.1.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....48

15.2.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO BNG.....48

15.3.- PREGUNTAS FORMULADAS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP.....48

15.4.- ROGOS FORMULADOS POLO PARTIDO MUNICIPAL DO PP......48
REMATE DA SESIÓN......49
DILIXENCIA DE APROBACIÓN......49

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 23 DE XULLO DE 2024

ASISTENTES:
Presidente:
D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
Dª Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).
D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).
Dª Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE). *(Incorporase á sesión as 12.30 horas)*
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
Dª. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

A Secretaria municipal:
Dª Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal
Dª. Lucia Varela Martínez

NON ASISTEN:
Dª María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)
D. Aaron Martínez Cubeira (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Pontedeume, sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e tres de xullo de dous mil vinte e catro, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente , don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria municipal e a Interventora municipal

A Presidencia abre a sesión, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- RATIFICACIÓN DE CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO MES DE XULLO DE 2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RATIFICACIÓN DE CAMBIO DE DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO MES DE XULLO DE 2024

Expediente TEDeC: 2024/G010/000011

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno do Concello, celebrado en sesión extraordinaria o 28 de xuño de 2023, de "DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO E PROPOSTA DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO PLENO EN ALCALDÍA-PRESIDENCIA", cuxo contido se transcribe, en estrato:

"…//…
PRIMEIRO.- As sesións plenarias ordinarias terán unha periodicidade mensual, agás no mes de agosto que non se celebrará, e ás 12.00 horas do derradeiro xoves hábil de cada mes, en primeira convocatoria, e dous días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria. Se tampouco nesta segunda convocatoria se acada o quórum necesario, os asuntos previstos a tratar pospoñeranse para o estudo na primeira sesión que se celebre con posterioridade, sexa ordinaria ou extraordinaria.
No caso de que a devandita data coincida con día festivo, celebrarase Pleno ordinario o inmediato día hábil anterior á data correspondente, á mesma hora.
…//…"

Tendo en conta que o día 25 é festivo e por tanto, a sesión ordinaria debería de se celebrar o día 24, se ben por cuestións de prazos na tramitación dos expedientes, considérase oportuna a súa celebración o día 23.

*Tendo en o anterior, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:*

***ÚNICO**.- Ratificar o cambio de día para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello de Pontedeume do mes de xullo, do mércores día 24, para a súa celebración o martes día 23"*

A Presidencia abre a quenda para o debate

Toma a palabra o Sr. Presidente para dicir que segundo o Regulamento Orgánico municipal, tocaría celebrar a sesión o día anterior ao festivo, isto sería o mércores 24; pero por cuestións de axenda, se propuxo cambialo para o martes 23.

Sen máis intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes; o **ACORDO** seguinte:

ÚNICO.- Ratificar o cambio de día para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello de Pontedeume do mes de xullo, do mércores día 24, para a súa celebración o martes día 23.

2.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: SESIÓN ORDINARIA DE 27.06.2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

"PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Expediente TEDeC: 2024/G006/0000167

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 27.06.2024

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO***:*

PRIMEIRO*. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:*

SESIÓN ORDINARIA DE 27.06.2024 *(borrador asinado o día 18.07.2024)*

SEGUNDO.-*. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (7), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López e Dª. Manuela García Fachal; do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** da concelleira do grupo municipal do PP (1) Dª. Montserrat Pico Rodeiro, por non estar presente na sesión que se somete a aprobación; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 27.06.2024 (borrador asinado o día 18.07.2024)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcrición ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

3. DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2025

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 18.07.2024, que se transcribe a continuación:

" COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DO 18 DE XULLO DE 2024

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA XOVES 18 DE XULLO DE 2024

EXPDTE: 2024/G012/000015

2.- DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2025

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

*“**PROPOSTA DE ACORDO***

DETERMINACIÓN DAS FESTAS LOCAIS NO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O 2025

Expediente TEDeC: 2024/X998/000059
O Estatuto dos traballadores recolle no seu artigo 37.2:

...//... As festas laborais, que terán carácter retribuído e non recuperable, non poderán exceder de catorce ao ano, das cales dúas serán locais. ...//...

O Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo sobre regulación da xornada de traballo, xornadas especias e descanso establece no artigo 46

...//... Serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición lle sexan propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente- a proposta do Pleno do Concello correspondente- e publicándose no Boletín oficial da Comunidade autónoma e, no seu caso, no Boletín oficial da provincia...//...

Logo de se ter realizado unha consulta telefónica ao Servizo de Relacións Laborais e Seguridade e Saúde Laboral da Subdirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia, sobre a previsión da remisión da comunicación, na que se solicitará ao Concello a remisión das datas concretas dos dous días de festa de carácter retribuído e non recuperable deste termo municipal para o ano 2025, co obxecto da elaboración do calendario laboral.

Tendo en conta que no mes de agosto, o Concello de Pontedeume non celebra pleno ordinario, sendo o Pleno do Concello, o órgano competente para a súa determinación.

*Esta Alcaldía somete ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

***PRIMEIRO**.- Determinar como festas locais para o 2025 as seguintes datas:*
- Luns 8 de setembro (Festa das Peras)

- Mercores 10 de setembro (Festas das Peras)

***SEGUNDO**.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos"*

A Presidencia abre a quenda para o debate ...//…

*Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (5): D. José Simoes Couceiro, Dª Mª Rosario Huertas Garabana. Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López. D. Daniel Ríos Fernández, : e do PP(1): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **1 abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera."*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Determinar como festas locais para o 2025 as seguintes datas:

- Luns 8 de setembro (Festa das Peras)
- Mercores 10 de setembro (Festas das Peras)

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade, ao departamento de persoal municipal e á representación sindical do Concello, aos efectos oportunos

4. CONTA XERAL DO EXERCIZO 2023

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONTA XERAL DO EXERCIZO 2023

Expediente TEDeC: 2024/X998/000043

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Visto o informe favorable da Comisión Especial de Contas de 30/05/2024 ao expediente comprensivo da Conta Xeral desta entidade correspondente ao exercicio 2023 integrada polos estados e documentos contables da Corporación de acordo co seguinte:

1. BALANCE DE SITUACIÓN: *27.991.188,56 euros (activo e pasivo)*

2. RESULTADO ORZAMENTARIO:

DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	
***a.** Dereitos recoñecidos por operacións non financeiras*	*9.215.024,71*
a.1. Dereitos recoñecidos netos por operacións correntes (Cap. I a V)	*8.189.789,59*
a.2. Dereitos recoñecidos netos por operacións de capital (Cap. VI e VII)	*1.025.235,12*
***b.** Dereitos recoñecidos netos por activos financeiros*	*2.399,94*
***c.** Dereitos recoñecidos netos por pasivos financeiros*	*0*
Total dereitos recoñecidos	*9.217.424,65*
***a.** Obrigas recoñecidas por operacións non financeiras*	*7.635.866,15*
a.1. Obrigas recoñecidas netas por operacións correntes (Cap. I a IV)	*6.829.271,18*
a.2. Obrigas recoñecidas netas por por operacións de capital (Cap. VI e VII)	*806.594,97*
***b.** Obrigas recoñecidas netas por activos financeiros*	*8.740,16*
***c.** Obrigas recoñecidas netas por pasivos financeiros*	*0*
Total obrigas recoñecidas	*7.644.606,31*
RESULTADO ORZAMENTARIO ANTES DE AXUSTES	*1.572.818,34*
AXUSTES	
(+) Créditos gastados financiados con RLT para gastos xerais	*0*
(+) Desviacións de financiamento negativas do exercicio	*438.331,99*
(-) Desviacións de financiamento positivas do exercicio	*1.069.286,67*
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	***941.863,66***

3. REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA:

1. Fondos líquidos		*549.943,54*
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)		*2.700.283,42*
2.a. Do orzamento corrente	*1.596.023,13*	
2.b De orzamentos pechado	*1.078.105,75*	
2.c De operacións non orzamentarias	*26.154,54*	
3. Obrigas pendentes de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)		*730.458,44*
3.a. Do orzamento corrente	*434.322,63*	
3.b. De orzamentos pechados	*22.575,45*	
3.c. De operacións non orzamentarias	*273.560,36*	
4. Partidas pendentes de aplicación		*-32.848,50*
4.1 Cobros realizados pendentes de aplicación	*63.303,38*	
4.2 Pagos realizados pendentes de aplicación	*30.454,88*	
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		***2.486.920,02***
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		*724.268,31*
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO		*236.566,84*
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		***1.526.084,87***

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4.- OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

Logo da aprobación por maioría absoluta do Congreso dos Diputados da suspensión temporal das regras fiscais para 2020, 2021, 2022 e 2023, cumprir os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e de regra de gasto non sería obrigatorio para as entidades locais. Non obstante, e como se indica no informe de Intervención de referencia 78/2024, emitido con motivo da liquidación do orzamento de 2023, resultou unha capacidade de financiamento de 1.347.672,15 euros, de acordo co seguinte:

CONCEPTOS	*IMPORTES*
Ingresos liquidados presupuesto 2023 (capítulos 1 a 7)	*9.215.024,71*
Créditos liquidados presupuesto 2023 (capítulos 1 a 7)	*7.635.866,15*
TOTAL (a – b)	*1.579.158,56*
AXUSTES	
1) Axustes recadación capítulo 1	*0,00*
2) Axustes recadación capítulo 2	*816,63*
3) Axustes recadación capítulo 3	*-808.977,34*
4) Axuste por gastos pendentes de imputar a orzamento	*579.027,24*
5) Axuste por devolucións de ingresos pendentes de imputar a orzamento	*-2.352,94*
Total axustes	*-231.486,41*
TOTAL CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO	***1.347.672,15***

5.- OBXECTIVO REGRA DE GASTO:

O obxectivo de regra de gasto para o exercicio 2023 está suspendido, ao terse suspendido a aplicación das regras fiscais para os exercicios 2020 a 2023.

Logo de que o expediente fora sometido a información pública polo prazo de 15 días conforme ao establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (RDL 2/2004 de 5 de marzo), publicado no Boletín Oficial da Provincia 111 de 10/06/2024.
Visto que durante o dito prazo, non se presentaron reclamacións, conforme se acredita nos documentos que obran no expediente.

Tendo en conta o anterior e considerando a normativa aplicable, esta Alcaldía ***PROPÓN*** *ao Pleno a adopción do seguinte* ***ACORDO****:*

PRIMEIRO: *Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2023 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***SEGUNDO**: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de outubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica.”*

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO por POR MAIORÍA DE SETE (7) VOTOS A FAVOR ,** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE, D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico López, e Dª. Manuela García Fachal; e **TRES (3) ABSTENCIÓNS** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera; e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª Montserrat Pico Rodeiro o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO: Aprobación definitiva da Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2023, así como da documentación complementaria que se xunta ao expediente, considerando que na elaboración, formación e tramitación da conta xeral correspondente ao exercicio 2023 se observaron as prescricións para este efecto contidas no Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL; Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL), en materia de orzamentos; Orde HAP/1781/2013 de 20 de setembro pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local (en adiante ICAL); as Normas de Valoración desenvolven os Principios Contables e se atopan reguladas na segunda parte do PGCP (Orden EHA/1037/2010, de 13 de abril, pola que se aproba o Plan Xeral de contabilidade Pública).

SEGUNDO: Dar traslado do presente acordo ao Consello de Contas e ao Tribunal de Cuentas antes do 15 de outubro e, en aplicación do artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, artigo 8.1.e), tamén deberá facerse pública a información relativa ás contas anuais mediante a súa publicación na sede electrónica

5.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2023 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2022

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE REPAROS EFECTUADOS POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NO EXERCICIO 2023 E ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS, ASÍ COMO ACORDOS ADOPTADOS CON OMISIÓN DO TRÁMITE DE FISCALIZACIÓN PREVIA PARA INCLUÍR EN PUNTO SEPARADO DA ORDE DO DÍA CON OCASIÓN DA APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2022

(Expediente TEDeC: 2024/X999/000163)

Logo da toma de razón polas persoas membro da Comisión Especial de Contas, en sesión ordinaria celebrada o día 27/05/2024, do Informe da Intervención Municipal, 155/2024 de "Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2023 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2023", dáse traslado da proposta de alcaldía que se transcribe a continuación:

"Logo de ver o sinalado no artigo 218 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostenibilidade da Administración local, co seguinte tenor literal:

"Artigo 218 Informes sobre resolución de discrepancias

1. O órgano interventor elevará informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Devandito informe atenderá unicamente a aspectos e labores propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.
O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.
O Presidente da Corporación poderá presentar no Pleno informe xustificativo da súa actuación.

2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o Presidente da Entidade Local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.

3. O órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. Á citada documentación deberá acompañar, no seu caso, os informes xustificativos presentados pola Corporación local"

Esta Alcaldía formula a seguinte ***PROPOSTA****:*

ÚNICO*.- Dar conta do Informe da Intervención Municipal: 155/2024 de "Reparos efectuados pola Intervención municipal no exercicio 2023 e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa para incluír en punto separado da orde do día con ocasión da aprobación da CONTA XERAL 2023"*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

6.- MOCIÓN DO BNG, PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS.

Toma a palabra o **concelleiro portavoz do grupo municipal do BNG, don Luis Pena Mosquera**, que da lectura á moción presentada:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros e a incineración e coincineración de residuos, articúlase como un tributo de carácter indirecto que recae sobre os residuos que se tratan mediante estas operacións de xestión, e xa está vixente en varias Comunidades Autónomas desde hai anos.

Configúrase como imposto estatal aplicable en todo o estado español, estando prevista a cesión do mesmo ás Comunidades Autónomas mediante a adopción dos correspondentes acordos nos marcos institucionais de cooperación en materia de financiamento autonómico establecidos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, a cesión da recadación deste imposto, pode permitir ás Comunidades Autónomas, -no exercicio da súa autonomía financeira-, incrementar o financiamento destinado a medidas de mellora da xestión de residuos que reforcen as opcións prioritarias fronte ás menos sostibles.

A través da Lei 36/2022, do 27 de decembro, pola que se modificou a Lei do Réxime de Cesión de Tributos do Estado a Galiza, materializouse a cesión do referido Imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos. Como consecuencia, na Galiza tense previsto ingresar en 2024 a cantidade de 12.150.039 de euros.

Conforme ao establecido no punto 1 do artigo 59 da Lei 9/2023,do 28 de decembro, de Orzamentos Xerais Galegos para o ano 2024, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da administración xeral, quedou establecida no 2,3200880% para o exercicio de 2024, sumando un total de 152.278.957 de euros.

A Comunidade Autónoma de Galiza detraeu desta participación dos concellos galegos, entre outros, 12,1 millóns de euros para a creación do Fondo Ambiental, que supostamente é a achega que realiza a Xunta de Galicia para minorar o canon por incineración e vertedoiro. Mais a realidade é que esta achega é realizada polos propios concellos ao ser detraída do seu sistema de financiamento.

Este ano produciuse unha situación excepcional, derivada de que a Consellería de Medio Ambiente non determinou nos orzamentos 2024 o prezo por Tonelada a aboar polas entidades locais, e non publicou a resolución anual pola que se aproba a proposta de revisión do canon unitario que percibirá SOGAMA pola xestión de residuos domésticos ou urbanos no ano 2024.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Agora, xa máis de mediado o ano 2024, SOGAMA propón fixar un canon medio de 78 euros por tonelada (68,05 euros de xaneiro a xuño e 88,05 euros de xullo a decembro).

SOGAMA, a través dun escrito remitido á Fegamp, e nunha información elevada a todos os concellos, anunciou que a Xunta de Galiza achegará 9 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local adicional, co fin de minimizar o impacto da medida sobre as entidades locais, polo que o canon final sería de 66€/Tonelada de media anual.

A Fegamp, como entidade asociativa máis representativa das entidades locais, formulou alegacións manifestando a súa oposición á suba do canon.

Resulta paradoxal que, sendo o Goberno do PP no seu día o que preveu, coa creación de SOGAMA, unha xerarquización nas opcións de tratamento dos residuos, que preferiu optar pola incineración con recuperación de enerxía e non incluíndo o tratamento da compostaxe (que se considerou coma unha forma de valoración alternativa a pesar da oposición de moitas entidades locais), sexa agora o que se beneficie dos ingresos do imposto que penaliza esta opción.

O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.

*É por todo o exposto con anterioridade, polo que o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes*

***ACORDOS**:*

1. Instar á Xunta de Galiza ao reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

2. Instar á Xunta de Galiza á achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

3. Instar á Xunta de Galiza á creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.”

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra **a concelleira do grupo municipal do PP, dona Montserrat Pico Rodeiro**, para dicir que SOGAMA ten demostrado que funciona ben, que é o máis barato de España na súa modalidade; e que este novo escenario é derivado de novos impostos do Goberno Central, que usou a mesma "*vara de medir*" para todos os territorios sen ter en conta os sistemas de xestión de residuos e os seus resultado que estes empregaban. Continúa dicindo que os concellos poden reducir os custos de servizo a través de campañas de reciclaxe, incluíndo contenedores marróns, etc..., por ese motivo, afirma que o seu voto vai ser en contra, porque creen na xestión de SOGAMA e na da Xunta de Galicia.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, para indicar que están de acordo con partes da moción, que tamén lles parece que o modelo de xestión de SOGAMA está obsoleto, que hai que traballar moito máis para cumprir coa normativa europea en xestión de residuos; que se debería plantexar plantas de tratamento mais próximas, que os concellos están asumindo de novos máis competencias das que lles corresponden o que provoca o afogamento das entidades locais, e indica que lles gustaría engadir outro punto na moción que sería "*Instar á Xunta de Galicia a exención do carácter retroactivo do cobro do canon para o ano 2024, aos concellos".*

Toma a palabra o **Sr. Presidente** e preguntase ata que punto se pode cobrar de xeito retroactivo algo que non esta regulado.

Toma a palabra **don Luis Pena Mosquera, concelleiro do BNG,** para indicar que nesta moción hai dúas partes diferenciadas, por unha parte o modelo SOGAMA e a aprobación o 23 de xullo do canon con efectos retroactivos; asimesmo, non pode facer a trampa de quitar cartos do Fondo de Cooperación Local. Sobre o que a concelleira do PP dixo, que era o máis barato na súa modalidade, indica o **Sr. Pena** que será o máis barato pero tamén é o que máis se penaliza con este novo imposto, o modelo de recoller e incinerar; que na actualidade a recollida tal e como se leva a cabo non favorece o reciclaxe nin a compostaxe, polo que cree que hai que repensar o modelo. Continúa o **Sr. Pena**, dicindo que é unha taxa que pon o goberno que penaliza os sistemas mais antiecolóxicos, menos favorecedores do futuro e sustentabilidade o que cree que é unha fórmula para conseguir a sustentabilidade medioambiental que todos queren.

Toma a palabra o **Sr. Presidente** dicindo que comparten a moción ao 100% pero que se está culpando de todo ao goberno central, cando non é verdade, e pregunta se comparten que o criterio sexa por poboación, xa que en concellos turísticos como é Pontedeume, a poboación aumenta en 4000 persoas doutras localidade xerándose un maior volume de residuos en época estival, pero o concello de Pontedeume vai recibir do fondo en función do número de habitantes cando o máis xusto é por tonelada xerada, tal e como se indica na moción. Continúa o **Sr. Presidente** dicindo que "*e una atraco en toda regra*" xa que Xunta di que pon os cartos do Fondo de Cooperación Local, pero este fondo é dos Concellos e a Xunta o rouba para non poñelo ela dos seus orzamentos, que o fondo non está para que a Xunta aforre os seu cartos; que se a Xunta ten que adaptar as instalacións de SOGAMA terao que facer cos seus cartos, pero coma sempre isto é un paso máis para *"sablear*" a quen está no último escalafón da cadea administrativa, que son os Concellos, que están asumindo cada vez máis competencias

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

impropias, sen que ninguén aporte ningún céntimo. Continúa dicindo que a Xunta escusase en que a culpa é do Goberno Central que foi quen sacou o imposto, e como di o BNG este imposto está derivado da xestión decimonónica que a Xunta de Galicia fai da xestión de residuos, cando xa hai sitios onde se valoriza, se recicla... onde se pode sacar un montón de utilidades aos residuos pero aquí non se fai porque é moi cómodo metelos nunha caldeira e prenderlles lume. Indica que hai uns anos se insistía en ter o contedor marrón e resulta que as plantas non están adaptadas para os residuos que recolle este contedor, que se se usaba había que ir a Ourense depositar eses residuos, un despropósito total e absoluto, e di que é imposible defender que o reparto de fondos sexa por poboación e non por tonelada de xeración de residuos porque isto prexudica moito ao Concello de Pontedeume.

Sendo as 12:30 horas incorpórase á sesión a Concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, dona Ángela Piñeiro Carrera

Logo do debate, os grupos municipais acordan incluír un cuarto punto de acordo na moción, quedando a parte resolutiva dos acordos do seguinte xeito:

"*1. Instar á Xunta de Galiza ao reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.*
2. Instar á Xunta de Galiza á achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

3. Instar á Xunta de Galiza á creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria

4. Instar a Xunta de Galicia a exención do carácter retroactivo do cobro do canon para o ano 2024 aos Concellos"

Sen máis intervencións sométese a votación a moción enmendada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE 9 VOTOS A FAVOR (9),** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Carrera, D. Joshua Dopico López e Dª. Manuela García Fachal; e do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera; e **DOUS VOTOS EN CONTRA (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

1. Instar á Xunta de Galiza ao reparto entre todos os concellos galegos dos 12.100.000 de euros do Fondo Adicional. Utilizando como criterio de reparto o do número de toneladas depositadas por cada concello. Pois trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraída do FCL.

2. Instar á Xunta de Galiza á achega total da cantidade recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos, pola que se orzamentaron inicialmente 12.150.039 de euros, para implementar bonificacións no Canon dos concellos, e así, deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo.

3. Instar á Xunta de Galiza á creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano – e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto con lector, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria

4. Instar a Xunta de Galicia a exención do carácter retroactivo do cobro do canon para o ano 2024 aos Concellos

7.- DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 218/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2024.

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 218/2024 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO SEGUNDO TRIMESTRE 2024.

(Expediente TEDeC: 2024/X999/000143)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operación comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.
5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte ***PROPOSTA****:*

ÚNICO.- *Dar conta do informe de Intervención de referencia 218/2024, de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao segundo trimestre de 2024""*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

8.- DAR CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN 225/2024 DE REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE 2024)

A secretaria da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

REMISIÓN DE INFORMACIÓN TRIMESTRAL AO MINISTERIO DE HACIENDA. (EXECUCIÓN DO 2º TRIMESTRE DE 2024)

(Expediente TEDeC: 2024/X999/000266)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte ***PROPOSTA****:*

PRIMEIRO*.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 225/2024, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", correspondente ao 2º Trimestre de 2024."*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

9.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 394/2024 de data 10-07-2024 DE RENUNCIA DO INVESTIMENTO "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA", INCLUÍDO NO POS + 2020) E SOLICITUDE DO SEU REINVESTIMENTO NO POS +2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 394/2024 de data 10-07-2024 DE RENUNCIA DO INVESTIMENTO "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA", INCLUÍDO NO POS + 2020) E SOLICITUDE DO SEU REINVESTIMENTO NO POS +2025.

Dáse conta do ditado do Decreto da Alcaldía en funcións nº 394/2024 de data 10-07-2024, do seguinte teor que se transcribe:

(Expediente TEDeC: 2024/G006/000158)

"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE RENUNCIA DO INVESTIMENTO "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA", INCLUÍDO NO POS + 2020) E SOLICITUDE DO SEU REINVESTIMENTO NO POS +2025.

EXPEDIENTE Nº 2019/X999/000421

DON BERNARDO FERNANDEZ PIÑEIRO ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

ANTECEDENTES
*Tendo en conta o acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión extraordinaria de 18.12.2019, relativo a "**3.- SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020.**", cuxo contido se transcribe en estrato:*
*"1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020"** da Deputación provincial da Coruña**,** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2020" e "achega provincial 2019":*

A) Financiamento de gastos correntes:
…//…
B) Financiamento de investimentos:
…//…

ACHEGA PROVINCIAL 2020 (Investimentos financieiramente sostibles)	***Financiamento do investimento***		
Denominación da obra ou subministración	***Deputación***	***Concello***	***Orzamento total***

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Cantina no Paseo Fluvial de Pontedeume	*53.561,95 €*	*6.205,58 €*	*59.767,53 €*
Subtotal investimentos achega provincial 2020	*53.561,95 €*	*0,00 €*	*59.767,53 €*

Aprobar os proxectos das obras incuídos no POS+ 2020 e que se relacionan nestas táboas. ...//...”

Logo de ver o Decreto Nº 252/2024 de 13-05-2024, polo que se resolveu, entre outros:

***“PRIMEIRO. Aprobar o expediente para a contratación das obras** contidas no proxecto **"CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA" (POS + 2020),** asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Óscar Sánchez Martínez, asinado dixitalmente en data 02/03/2023, aprobado por Decreto nº 568/2023 de 24/10/2023, cun importe de 59.767,53 € (49.394,65 + 10.372,88 de IVE), mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria, coas características seguintes:*

TIPO DE CONTRATO	*Contrato de obras*	***SUBTIPO DE CONTRATO***	*Construción xeral de edificios e obras singulares de enxeñaría civil*		
OBXECTO DO CONTRATO	***"CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA" (POS + 2020),***				
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN	*Procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP)*	***TIPO DE TRAMITACIÓN***	*Ordinaria*		
CÓDIGO CPV	*CPV: 45212000-6 Trabajos de construcción de edificios relacionados con el ocio, los deportes, la cultura y el alojamiento y restaurantes*				
VALOR ESTIMADO	*49.394,65 €*				
ORZAMENTO BASE SEN IVE	***49.394,65 €***	***IVE 21%***	*10.372,53 €*	***ORZAMENTO BASE IVE INCL.***	***59.767,53 €***
FINANCIACIÓN	***Deputación provincial da Coruña, POS + 2020***	***Concello de Pontedeume***			
	53.561,95 €	***6.205,58 €***			
	89,62 %	*10,38 %*			
DURACIÓN DA EXECUCIÓN	*3 meses*	***PRÓRROGAS***	*Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente*		
NECESIDADE A SATISFACER	*Instalación de cantina, un almacén e uns aseos no paseo marítimo*				

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares** que rexerán o contrato para a execución das obras contidas no proxecto **"CANTINA, ALMACÉN E ASEOS

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

__NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA" (POS + 2020)__, asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Óscar Sánchez Martínez, asinado dixitalmente en data 02/03/2023, aprobado por Decreto nº 568/2023 de 24/10/2023, cun importe de 59.767,53 € (49.394,65 + 10.372,88 de IVE), mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

***TERCEIRO.- Autorizar o gasto** correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito por importe de 59.767,53 € con cargo á partida orzamentaria 337.62200 do orzamento de 2024.*

***CUARTO.- Publicar no perfil do contratante** a aprobación do presente expediente de contratación co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, así como toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.*

...//...”

*Logo de ver a __circular da Deputación da Coruña de data 20/05/2024__, relativa a “Circular aos concellos con investimentos pendentes de execución incluídos no Plan Provincial do ano 2020 cuxa derradeira prórroga expira o 30 de novembro de 2024”, en cuxo suposto se atopa o investimento **"CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA”, na que se sinala, entre outros:***

“...//...

Dado que no día de hoxe aínda non consta o envío telemático a esta deputación da documentación xustificativa da execución das actuacións dese concello incluída no Plan provincial do ano 2020 que se relacionan no Anexo ao final deste escrito e que contan cun prazo improrrogable de execución ata o 30 de novembro de 2024, ese concello deberá realizar unha das seguintes opcións:

a) Presentar, ata o 31 de xullo de 2024, un escrito de renuncia a todos ou a algún dos investimentos pendentes de execución que deben estar rematados e totalmente certificados o 30 de novembro de 2024 e a solicitude do seu reinvestimento no POS+ 2025.

…//…”

Tendo en conta o __Decreto Nº 360/2024 de 26-06-2024__, cuxo contido se transcribe, en estrato:

***“PRIMERO. –** Declarar deserta a “**LICITACIÓN DO CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA" (POS + 2020),** por non se ter presentado oferta algunha.*

...//...”

Tendo en conta os prazos que se establecen para os procedementos de licitación e de execución da obra (3 meses), así coma as posibles incidencias que puideran xurdir durante os procedementos sinalados anteriormente; co obxecto de garantir, para o Concello de Pontedeume, a contía da achega provincial correspondente a este investimento.

*En virtude das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, sendo competencia de Alcaldía, **RESOLVO**:*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***PRIMEIRO**.- **A renuncia ao investimento "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA",** incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2020", o acordo do Pleno do Concello celebrado en sesión extraordinaria de 18.12.2019, tendo en conta o **Decreto Nº 360/2024 de 26-06-2024 polo que se declarou deserta a licitación e que** o dito investimento debería estar rematado e totalmente certificado o 30 de novembro de 2024 (prazo improrrogable).*

***SEGUNDO.- Solicitar o reinvestimento da achega provincial correspondente ao investimento "CANTINA, ALMACÉN E ASEOS NO PASEO FLUVIAL DE PONTEDEUME. A CORUÑA",** no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) de 2025 (POS + 2025).*

***TERCEIRO**.- **Dar conta do contido da presente resolución ao Pleno do Concello** e aos departamentos de Urbanismo e Intervención municipais, debido aos efectos implícitos ao presente acto administrativo.*

***CUARTO**.- **Dar traslado do contido** da presente resolución á Deputación da Coruña.*

***QUINTO.- Dar conta ao Pleno da corporación** na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª María Roca Vázquez, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro)."

*En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa **TOMA DE RAZÓN**."*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN**

10.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 299/2024 de data 06-06-2024 PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2024

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 299/2024 de data 06-06-2024 PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2024

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Dase conta do ditado do Decreto da Alcaldía en funcións nº 299/2024 de data 06-06-2024, do seguinte teor que se transcribe:

(Expediente TEDeC: 2024/G006/000159)

"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 2/2024.
EXPEDIENTE Nº 2023/A003/000042

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 03.06.2024, documento con rexistro de entrada nº 202400000001142 de 04/06/2024, sobre elaboración do POS + Adicional 2/2024 por maior achega, na que a cantidade que lle corresponde ao Concello de Pontedeume no dito plan adicional é a seguinte:

POS +AD 2/2024	*Investimentos (IFS) (mínimo)*	*Gasto corrente (máximo) ou Investimentos (IFS)*	*TOTAL*
Reinvestimento	*19.369,79*		*19.369,79*
Maior achega provincial	*130.279,67*	*172.956,88*	*303.236,55*
TOTAL	***149.649,46***	***172.956,88***	***322.606,34***

Segundo se indica na dita circular, os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2024, respectando o importe mínimo indicado para Investimentos financeiramente sostibles (IFS) e o importe máximo que se pode destinar ao financiamento do gasto corrente:

Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2024 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2024 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.

Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2024, segundo se definen nas bases 2.1, 13 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo concello.

O POS+ Adicional 2/2024 aprobarase en dúas fases e o concello pode participar nunha fase ou nas dúas:

Na 1ª fase incluiranse exclusivamente os investimentos financeiramente sostibles xa incluídos no Plan Complementario ao POS+2024, cuxa documentación xa foi presentada no seu momento polos concellos e unicamente debe confirmarse a súa inclusión definitiva no POS+Adicional 2/2024.

O Pleno do Concello de Pontedeume, celebrado en sesión extraordinaria o ***mércores 7 de febreiro de 2024 adoptou, entre outros,*** *o acordo relativo á "***PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO CONCELLO) "POS+2024" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA",*** *cuxo contido se transcribe, en estrato:*
*"**…//…***
***SEGUNDO**.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2024 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:*

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)	**(A) Orzamento de contrata**	**(B) IVE soportado deducible (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible)**	**(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)**
MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA COVÉS - FIGUEIRIDO E RAMAIS EN O SILVAR (NOGUEIROSA)	*97.676,60 €*		*97.676,60 €*
TOTAIS	***97.676,60 €***		***97.676,60 €***

…//…"
En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ***RESOLVO:***

PRIMEIRO. –"*Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2024" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da achega provincial asignada para o financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024, tal e como se indica a continuación:*

Investimentos financeiramente sostibles ***xa incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024***	*Financiamento dos investimentos*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
MELLORA DA CAPA DE RODAXE DA PISTA COVÉS - FIGUEIRIDO E RAMAIS EN O SILVAR (NOGUEIROSA)	***97.676,60 €***				***97.676,60 €***

Achega provincial asignada ao concello no POS+ Adicional 2/2024	*322.606,34 €*
Achega provincial aplicada na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024	*97.676,60 €*
Achega provincial pendente para a 2ª fase do POS+ Adicional 2/2024	*224.929,74 €*

SEGUNDO.- *Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2024, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.*

TERCEIRO*.- Declarar que este concello confirma a inclusión no POS+ Adicional 2/2024 do investimento indicado, que xa figuraba incluído no POS+2024 Complementario aprobado con carácter de reserva, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.*

CUARTO.- *Declarar que o proxecto da obra ou prego da subministración, e os demais documentos requiridos nas Bases, son os que este concello presentou no seu momento na convocatoria POS+ 2024 Complementario.*

QUINTO.- *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*
*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).****”***

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa ***TOMA DE RAZÓN****.”*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

11.- DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 400/2024 de data 10-07-2024 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2024. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMO PROVINCIAL)

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DACIÓN DE CONTA DO DITADO DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 400/2024 de data 10-07-2024 DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2024. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRÉSTAMO PROVINCIAL)

Dáse conta do ditado do Decreto da Alcaldía en funcións nº 400/2024 de data 10-07-2024, do seguinte teor que se transcribe:

(Expediente TEDeC: 2024/G006/000160)

"Descrición decreto: EXPEDIENTE DE PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS +ADICIONAL 3/2024. (REDUCIÓN DA DÉBEDA PRESTAMO PROVINCIAL)

EXPEDIENTE Nº 2023/A003/000042

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de 03/06/2024, documento con rexistro de entrada nº 202400000001143 de 04/06/2024, sobre elaboración do POS + Adicional 3/2024 para a redución da débeda de 73 concellos coa Deputación pola utilización de préstamo provincial nos Plans 2015 a 2023 e para gasto corrente de 17 concellos, cuxo contido se transcribe, en estrato:
"…//…
O importe da achega provincial asignada a ese concello no POS+Adicional 3/2024 é o que figura na seguinte táboa, coa indicación da finalidade á que debe destinarse:

Concello	*Pontedeume*

POS+ AD3/2024	*Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023*	*Gasto corrente*
Achega provincial asignada	*31.446,71*	

…//…"

Logo de ver as bases da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº108 de 05.06.2024)

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Tendo en conta o informe da intervención municipal Ref.: 220/2024 (ANEXO XXVI das bases da convocatoria.).

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ***RESOLVO:***

PRIMEIRO. –*Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 3/2024" da Deputación Provincial da Coruña, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº108 de 05.06.2024)., coa finalidade de* ***"Redución da débeda do concello coa deputación pola utilización de préstamo provincial dos plans 2015-2023"***

SEGUNDO.- *Presentar o informe emitido pola Intervención Municipal Ref.: 220/2024 (ANEXO XXVI das bases da convocatoria.), no que se indica o importe de achega provincial asignada no POS+Adicional 3/2024 que se aplica á redución da débeda coa deputación pola utilización de préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 e 2016 e Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos, (POS+) 2017 a 2023.*

TERCEIRO*.- Dar conta do contido da presente resolución ao Pleno do Concello, así como dar traslado ao departamento de Intervención Municipal*

CUARTO.- *Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.*

*En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, Dª María Roca Vázquez, como Secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).***"***

En cumprimento do anterior, esta Alcaldía, da conta ao Pleno, para a súa ***TOMA DE RAZÓN****.*

Os concelleiros e concelleiras presentes **TOMAN RAZÓN.**

12. ASUNTOS DE URXENCIA

A secretaria indica que se presentan os seguintes asuntos fóra da orde do día, pola vía de urxencia:

-Recoñecemento extraxudicial de créditos F/2024/26

-Participación no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 2/2024. 2ª Fase" da Deputación Provincial da Coruña

Procédese por separado á votación da urxencia dos asuntos presentados.

12.1. RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS F/2024/26

Sométese a votación á urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA**, **por MAIORÍA DE 8 VOTOS A FAVOR (8)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (8), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Daniel Ríos Fernández, Dª Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, Dª Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e Dª. Manuela García Fachal; e **TRES ABSTENCIÓNS (3)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Luis Pena Mosquera; e do concelleiro e da concelleiras do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e Dª. Montserrat Pico Rodeiro.

A continuación, a secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITO

Expediente TEDeC 2024/G006/000162

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 12/07/2024 respecto das facturas incluídas ***na conta 413 por importe de 28.918,72 euros e na relación F/2024/26, por importe de 62.536,83 euros de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos-Pleno,*** *incoando expediente para a súa aprobación, e visto o informe emitido pola Secretaria xeral o 18/07/2024, no que se conclúe desfavorablemente*

Logo de ver o informe de reparo suspensivo de Ref.: 226/2024, asinado dixitalmente pola interventora o 18/07/2024, que se xunta ao expediente,

Vista a orde de Servizo que consta no expediente para continuar a tramitación en tanto se levan a cabo as necesarias modificacións para unha mellor e máis áxil xestión dos expedientes,

Tendo en conta a imposibilidade de emendar o procedemento toda vez que as prestacións foron realizadas e, de ser o caso, as subministracións realizadas, e así se fai constar no momento de sinatura da conformidade das facturas; e tendo en conta o organigrama das distintas dependencias municipais ás que correspondería a tramitación das facturas incluídas nas ditas relacións, moitas delas de departamentos carentes de persoal administrativo, se ben as facturas están debidamente conformadas.

E isto en relación coa imposibilidade en moitos casos de incorporar o sinalado no 172 do RD 2568/1986 de 28 de noviembre, a que se fai referencia no informe da secretaria, e isto porque o dito artigo indica: "1. En los expedientes informará el Jefe de la Dependencia a la que corresponda tramitarlos, exponiendo los antecedentes y disposiciones legales o reglamentarias en que funde su criterio. 2. Los informes administrativos, jurídicos o técnicos y los dictámenes de las Juntas y Comisiones se redactarán con sujeción a las disposiciones especiales que les sean aplicables y se ceñirán a las cuestiones señaladas en el decreto o acuerdo que los haya motivado".

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Sobre as cuestións relacionadas coa tramitación deste expediente, esta Alcaldía non ten coñecementos técnicos nen xurídicos a ese respecto para poder manifestarse sobre a súa idoneidade ou non, tendo en conta as diferencias de criterio postas de manifesto.cos responsables dos distintos departamentos que interveñen na súa tramitación; polo que deberán ser os departamentos que interveñen na súa tramitación os que aclaren entre si o sistema ou forma de proceder a este respecto,

Tendo en conta a capacidade deste concello e do seu persoal, coas carencias advertidas reiteradamente tanto por esta Alcaldía, coma polas distintas xefaturas de departamento para poder desenvolver todo o traballo encomendado; a actual lexislación que impide a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición e a recente Lei de estabilización, a dificultade para a organización de determinados departamentos como consecuencia desta situación, a obsoleta configuración das tarefas asignadas aos distintos postos na Relación de postos de traballo vixente (que data do 2007), así como a necesidade de continuar co desenvolvemento das políticas de persoal e organización interna, todas as novas normas de aplicación ditadas durante o estado de alarma e a cantidade de traballo ordinario que ten colapsados moitos servizos, ao que hai que sumar as limitacións para a contratación de novo persoal descritas anteriormente, procede neste momento adicar tempo e esforzo a realizar un organigrama de organización interna máis eficaz e desenvolver un cronograma de actuacións para poder levar a cabo moitas contratacións pendentes, que a día de hoxe seguen sen licitar por carencia de persoal para poder realizalas, sendo una prioridade na que se leva tempo traballando dende o equipo de goberno municipal de cara a acometer estas funcións e dar así cumprimento a todas as advertencias realizadas pola secretaria e interventora municipais, estando nestes momentos a traballar para o cumprimento de varios obxectivos que pasan necesariamente por:

- Desenvolver a convocatoria dos procesos de estabilización (oferta de emprego extraordinaria 2021), xa en proceso de valoración os méritos da fase de concurso.

Logo dos procesos selectivos de dúas prazas de técnico, unha de xestión e outra de contratación, xa teñen tomado posesión dúas funcionarias, se ben unha delas cesou recentemente; grazas a isto comezaron a tramitarse varios expedientes de contratación, e espérase que co reforzo da técnico que continúa sexa posible seguer cos procedementos de contratación iniciados, algún dos que xa teñen dende hai anos pregos contratados de forma externa e sobre os que xa se solicitou actualización de prezos por non ser posible a súa tramitación durante este tempo, para comezar coa mesma canto antes, priorizando estas tarefas sobre outras que se veñen realizando de cara a ir regularizando as incidencias manifestadas nos informes de Secretaría e de Intervención, tendo rematado tamén os procesos selectivos de dúas prazas de administrativo (OEP2019) e xa tomada posesión;

- Con data do 21/4/2023 saíron publicadas no DOG as bases para os procesos de estabilización e con data de 19/12/2023, unha corrección de errores para comezar os procesos, estando xa rematado o prazo de presentación de solicitudes.

- A día de hoxe xa foron publicadas casi a totalidade das listaxes definitivas de admitidos/as e excluídos/as deste proceso de estabilización, quedando pendente un pequeno número que previsiblemente publicaranse na vindeira semana.

- Así mesmo, xa foi convocado con data 26 e 27 de xuño o tribunal para o concurso de

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

méritos.

Igualmente están xa rematados os procesos das bolsas de administrativos e auxiliares para substitucións, acumulacións de tarefas, etc; estando xa reforzado o Rexistro Municipal cunha auxiliar administrativa.

- Reorganización novamente do persoal, xa que ao longo deste tempo fóronse implementando algúns cambios coa intención de mellorar o funcionamento dalgúns departamentos, o que requirirá no futuro da acomodación das funcións recollidas na RPT ás necesidades actuais, coa conseguinte valoración de postos, etc. Así como desenvolver un concurso para proceder á adscrición definitiva de varios administrativos do Concello.

-Tamén a día de hoxe xa foron aprobadas e publicadas as bases para a convocatoria de praza de técnico de contratación, tras a marcha da persoa que ocupaba ese posto, así coma a ausencia doutras persoas que participaron no seu día nese proceso selectivo, por non estar interesadas en ocupar ese posto; así coma unha praza de administrativo de tesourería.

Faise constar que dende o Goberno Local, conscientes desta situación e coa vontade férrea de regularizar a situación posta de manifesto, encargouse hai xa tempo, tal e como se indicou con anterioridade, a elaboración de forma externa dos pregos de contratación da maioría dos servizos, xa que a falta de persoal e a sobrecarga de traballo dos distintos departamentos impedía e impide a súa elaboración con persoal propio desta administración; téndose entregado algúns deles no concello hai xa anos. Concretamente foron remitidos os pregos para a contratación do subministración eléctrica, mantemento eléctrico, limpeza e mantemento de colexios, conserxerías de edificios municipais, limpeza viaria, recollida de lixo, xestión da escola infantil e mantemento de parques e zonas verdes.

Así mesmo, compre citar que a día de hoxe están inciados os expedientes de contratación dos seguintes servizos:

- *Conserxerías de edificios municipais.*
- *Subministro de enerxía eléctrica.*
- *Asesoría Xurídica á Muller.*
- *SAF*
- *Rueiros*
- *Programa de Madrugadores*
- *Realización de Festas Infantís.*

Tendo ademais redactados pregos para outros servizos, dos que a día de hoxe esta Alcaldía está á espera de que se lle indique cales necesitan correccións para darlle traslado das mesmas aos técnicos que os elaboraron.

Dito o cal, a pesares de ter dado instrucións verbais para a súa tramitación en varias ocasións, esta non foi posible pola mencionada carencia de persoal e sobrecarga de traballo, tal e como se lle ten trasladado a esta Alcaldía en varias ocasións por parte dos distintos departamentos que interveñen na súa xestión, e como consecuencia de non poder deixar de prestar os servizos á veciñanza, posto que isto suporía a paralización total do Concello; e se ben como se

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

indica nos informes a situación da contratación é irregular, para encargar os servizos se solicitan varios orzamentos, ao non ser posible cos efectivos do concello ter todas as contratacións licitadas. Polo tanto estanse a adoptar medidas que permitan ir realizando as ditas contratacións con todos os requisitos previstos na Lei de contratos, así coma a emisión das correspondentes providencias.

Nese senso, está tamén xa avanzada a adhesión á Central de Contratación da FEMP, en relación co Acordo Marco de Subministro de Enerxía Eléctrica.

A maior abundamento, faise constar que a situación derivada da falta de persoal e deficiencias na organización e protocolización, fai que moitas das ditas tarefas administrativas sexan realizadas polos propios concelleiros e o alcalde directamente, tanto solicitudes de subvencións, xustificacións das mesmas ou informes, coma escritos de contestación a requirimentos doutras administracións, chegando nalgunha ocasión a ter que ser os propios membros do goberno os que se adicaran a recoller o lixo, limpar o cemiterio municipal, pechar o mercado municipal, etc; o que denota claramente a imposibilidade que existe na actualidade de realizar con persoal desta administración gran parte do traballo diario, sendo máis que urxente unha modificación legal que permita a convocatoria de novas prazas, máis alá da taxa de reposición, sendo esta case a única opción contemplada a día de hoxe na Lei de Orzamentos Xerais do Estado. Sen lugar a dúbidas, esta modificación legal permitiría acometer os cambios na xestión e organización administrativa de cara a ir adecuando os procedementos ao cumprimento de todos os requisitos esixidos pola normativa.

Logo de ver que no informe de Intervención se sinala o incumprimento da normativa de contratación, sendo que se están dando os pasos necesarios para a súa posta en marcha e se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación; e isto tendo en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios lexislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requirimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas, situación posta de manifesto de forma reiterada nos sucesivos informes emitidos polos xefes de departamento.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos cara ao cumprimento de todas as carencias sinaladas, tal e como leva facendo dende a pasada lexislatura, intentando dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos, e regularizar a situación do persoal e a súa reorganización, así como desenvolver as contratacións de servizos, téndose delegado incluso algún expediente de contratación na Deputación da Coruña para a súa licitación, como por exemplo o de dependencia.

Tendo en conta ademais que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, xa que por parte dos membros do Goberno "esprémense ao máximo" os fondos cos que contan en cada unha das áreas, tentando así optimizar ao máximo os recursos económicos cos que conta esta administración, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, e continuar dando cumprimento aos prazos legais para realizar o pagamento das facturas a provedores,

Ademais, cómpre deixar claro que aplicar a nulidade deste procedemento coas consecuencias

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

derivadas da mesma, suporía de facto a partir dese momento, a paralización total da prestación de servizos por parte desta administración, e polo tanto o "peche deste Concello", por non poder prestar practicamente ningún tipo de servizo á veciñanza,

Polo tanto, procede solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos, sen prexuízo de continuar mellorando a tramitación administrativa dos expedientes e dar cumprimento a toda a normativa de aplicación

Tendo en conta o informe desfavorable coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir emitido pola secretaria xeral en data 18/07/2024

Resta dicir sobre o recoñecemento extraxudicial ou revisión de oficio, que hai xurisprudencia e case a totalidade dos órganos consultivos pronunciaronse sobre si aboar unha prestación ou factura que se corresponde con contrato inexistente ou nulo de pleno Dereito e imprescindible, preceptivo ou necesario proceder á previa declaración de nulidade. Ainda cando hai pronunciamentos xurisdicionais que consideran necesario proceder previamente á revisión de oficio, hai tribunais superiores que se pronuncian doutro xeito distinto : TSXCatalunya sentencia 26-6-2020 (recurso 75/2018) na que se di :"resulta evidente la sinrazón y la desproporción que supone, remitir el pago a los proveedores al previo procedimiento de revisión de oficio ....." A Sentenza do TS de 13-6-2022 (recurso 5437/2020) no que se analiza un suposto na que a Administración seguiu un procedemento de revisión de oficio coa declaración de nulidade das actuacións manifesta literalmente "ante la realización de unas obras....., el ordenamiento admite diversas alternativas legais, ..." Destes pronunciamentos extraese a conclusión de que revisión de oficio e recoñecemento extraxudicial son vías alternativas. O Decreto 424/2017 (art. 28.2 (deixa a xuízo do interventor a valoración da posibilidade e conveniencia de revisión dos actos ditados en función de si se realizaron ou non as prestacións, o carácter destas e a sua valoración, así como dos incumprimentos legais que se houberan producido". Na sua virtude considerase que o recoñecemento extraxudicial de créditos supón un recoñecemento de que se comprometeu un gasto sen crédito e polo tanto cometeuse unha irregularidade constitutiva dunha nulidade de pleno Dereito e así desde esta perspectiva a revisión de oficio è redundante xa que o recoñecemento extraxudicial supón un recoñecemento expreso do que se fixo mal en términos xurídicos.

Tendo en conta que se están a dar os pasos oportunos para regularizar a situación, con máis persoal nos departamentos de intervención e secretaría (dentro da lexislación vixente), cubrindo a praza nesta última de Técnico de Xestión, una vez que quedou vacante, e incluso facendo convenios con outras administracións para poder sacar adiante pregos e contratos. Pola falta de tempo no se pode dar resposta a todo o contido do decreto.

***PROPOÑO** que o Pleno da Corporación adopte o seguinte acordo:*

***PRIMEIRO.-** Aprobar e recoñecer as seguintes facturas de Recoñecemento extraxudicial de crédito incluídas na conta 413, pendentes de aplicar a orzamento a 31/12/2023 por importe total de 28.918,72 euros, correspondentes a traballos/servizos/recepción de bens realizados/recibidos no exercicio 2023, que non se tramitaron no dito exercicio e para as que existe crédito axeitado e suficiente para a súa tramitación na presente anualidade de 2024, de acordo co seguinte:*

Nº de Entrada	*Fecha*	*Nº de Dto*	*Fecha Dto.*	*Importe*	*Tercero*	*Nombre*	*Texto Explicativo*	*Progr*	*Econ*

FIRMADO POR Ana Ramos Ramos (FECHA: 05/11/2024 15:22:00) , Bernardo Fernández Piñeiro (FECHA: 05/11/2024 16:27:00)
Versión imprimible
CVD: 9NiK0VGEX2VrXtCHob5M
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

				Total					
F/2023/600	08/03/2023	22 23	02/03/2023	6978,07	32676569D	MANUEL DOMINGUEZ DOMINGUEZ	PORTA ESCOLA INFANTIL. DEMOLICION CRISTALERA PARA AMPLIACION AULA 1-2 AÑOS E NOVA CRISTALERA.-	3232	63200
F/2023/1845	05/07/2023	Emit- 197	04/07/2023	21940,65	B15822620	EXCAVACIONES Y CANALIZACIONES CONDE, SL	Preparación de pista en Figueirido - Nogueirosa	1531	61900

*S**EGUNDO.-** Aprobar e recoñecer os seguintes gastos a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos, das facturas achegadas neste ano 2024, pero referidas a prestacións realizadas no exercicio 2023, por importe total de **62.536,83 euros**, incluídas na relación F/2024/26 seguintes:*

Nº de Entrada	Fecha	Nº de Dto	Fecha Dto.	Importe Total	Tercero	Nombre	Texto Explicativo	Progr	Econ
F/2024/202	10/01/2024	Emit- 9	28/12/2023	1694	47371557K	CRISTINA SEOANE NOVO	2023 PROXECTO CONTROL ARQUEOLÓXICO, EXECUCIÓN E MEMORIA, RÚA DO PICHO D.ADX.	1532	61900
F/2024/369	06/02/2024	FG24 2	09/01/2024	4807	B70285085	GONNABA CONSTRUCCIONES Y REFORMAS, SL	14/07/2023 LIQUIDACION OBRA PAVIMENTACIÓN RÚA VALERIANO VILLANUEVA 2022/C002/000094 D.ADX.	1532	61900
F/2024/1581	24/05/2024	AA24 000103	26/03/2024	17992,7	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	(20/11/23-17/01/24) TRABALLOS DECORACIÓN NAVIDEÑA, D. ADX	338	22799
F/2024/1612	28/05/2024	Rect-FACTURA 2024 11	01/04/2024	18000	B15505902	BLANCO RIEINUVI, S.L.	INICIATIVA IMPULSO ZOAS RURAIS E ENTORNOS NATURAIS, ALUMEADO NADAL 2023-2024 (42 UND)	338	22799
